



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE MARZO DO 2024

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de marzo do dous mil vinte e catro, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca.

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, D^a Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e Dna. Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. José Luis Rodríguez Varela e D^a María Luisa Vázquez López

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Manuel Luaces Fernández.

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle e o concelleiro D. Victor Manuel Rodríguez López.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 26 DE FEBREIRO DO 2024.

Sométese a votación a acta do pleno de 26 de febreiro do 2024, aprobándose por unanimidade.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 21.02.2024 AO 19.02.2024.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21.02.2024 e o 19.02.2024.

PARTE RESOLUTIVA

3º.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 23/2024: SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2024

SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e un voto en contra do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“DESTINO:

CONCEPTO	IMPORTE
INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, DEPORTES	272.100,00
INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, DEPORTES	52.126,48
INVERSIÓN NOVA EN INSTALACIÓNS TÉCNICAS, DEPORTES	15.200,00
XESTIÓN PISCINA MUNICIPAL	180.000,00
INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, GARAXE DO CONCELLO	30.000,00
URBANIZACION ZONA D	262.000,00
MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO	100.000,00
INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, MERCADO GANDEIRO	65.000,00
INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS, URBANO	566.781,70
INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS, RURAL	75.000,00
FESTEXOS E ACTUACIÓNS CULTURAI	110.000,00
REPOSICION PARQUE INFANTIL COLEXIO A GÁNDARA	15.000,00
TOTAL	1.743.208,18

FINANCIAMENTO: REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Mediante Decreto da Alcaldía do 28/02/2024 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2023, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 4.220.875,66 euros

Tramitouse o expediente 20/2024 de Incorporación de remanentes comprometidos derivados de operacións de modificacións orzamentarias autorizadas no último trimestre do exercicio 2023 ou que amparan compromisos de gasto do exercicio anterior, segundo o previsto no artigo 47 do R.D 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos por importe de 1.727.667,48 €.

Procedeuse á aprobación da modificación da fonte de financiación de proxectos incluídos no anexo de investimentos correspondente á operación de crédito prevista no orzamento municipal por importe de 750.000,00 €, substituíndoa polo remanente de tesourería para gastos xerais por ese mesmo importe.

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados xa durante o exercicio, logo de ver o informe de Intervención que consta no expediente e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito e Crédito extraordinario (22/2024) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS			
APLICACIÓN	CONCEPTO	SUPLEMENTO DE	CRÉDITO

Acta pleno ordinario 25.03.2024



SECRETARIA

		CRÉDITO	EXTRAORDINARIO
342.632.00	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, DEPORTES		272.100,00
342.632.01	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, DEPORTES		52.126,48
342.623.00	INVERSIÓN NOVA EN INSTALACIÓNS TÉCNICAS, DEPORTES		15.200,00
342.227.06	XESTIÓN PISCINA MUNICIPAL	180.000,00	
920.632.01	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, GARAXE DO CONCELLO		30.000,00
1532.619.05	URBANIZACION ZONA D	262.000,00	
1621.227.00	MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE RECOLLIDA DE LIXO	100.000,00	
4311.632.00	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, MERCADO GANDEIRO		65.000,00
1532.619.01	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS, URBANO		566.781,70
454.619.02	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUTURAS E BENS, RURAL		75.000,00
338.226.99	FESTEXOS E ACTUACIÓNS CULTURAI	110.000,00	
171.633.00	REPOSICION PARQUE COLEXIO A GÁNDARA		15.000,00
	TOTAL	652.000,00	1.091.208,18
			1.743.208,18

ESTADO DE INGRESOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	1.743.208,18

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións do debate dos puntos 3 e 4

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles votaron en contra do punto núm .2 e se abstiveron no punto número 3 neste caso son o 3 e o 4 do pleno. Non vai a votar a favor do punto número 3 porque estas son as súas prioridades, nin sequera son as prioridades de todos os monfortinos. Nas comisións informativas tampouco lles informan, gustaríalle saber que é iso dos 180.000 euros da piscina municipal, 262.000 na zona D, 110.000 euros que van destinar en festexos e saben que vai haber un gasto de 90.000,00 en gastos de deportes, 52.000 euros algo en deportes pero non saben en que corresponden, infraestruturas que non saben a qué correspodne, tamén hai reposición do parque infantil da Gándara 15.000,00 euros, están cansados de scoitar cales son as competencias propios ou impropias, porque van gastar 15.000 euros excepcionalmente na resposición do parque infantil da gándara e non se gastaron 800 no parque infantil do Infanta Elena, porqué fan unhas cousas e outras non, xa din vostedes que a Xunta non lles explica nada, di que non lles parece o que fai a Xunta de Galicia e a Deputación, non lles parece ben que non expliquen absolutamente nada. Di que eles están para preguntar todas esas cousas, e despois o tema da piscina de 750.000 euros que se van gastar, abstivéronse porque aquí están co tema das inversións faraónicas. E agora aparecen cunha inversión de 2millóns de euros, di que eles pediron esa documentación e aínda non



SECRETARIA

lles chegou, pide que se expliquen aquí. Que é o que se vai remodelar para tdoas esas cousas. Se nesas 2 millóns de euros van ir os paneis solares.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que estase diante dun mini proxecto de orzamento no que trae 1.743.000 euros, eles ven que hai cousas que son conscientes da aritmética desta cámara, entenden que hai iniciativas que eles trouxeron a pleno, como foi en máis dunha ocasión remodelación ou intervención da mellora do mercado gandeiro, tamén se falaba da reposición do parque infantil da Gándara e despois hai cousas que entenden como a modificación do contrato de 100.000 euros, xa no seu día falouse de que como se ía facer a implantación do colector marrón, xa no orzamento do mes de outubro, agora xa se sabe como se vai costear esa parte. Despois hai partidas como as inversións en deportes, non saben se vai aí a reposición dos toldos dos campos de fútbol, inversións noutras construción, urbanización da zona D, poden compartir certa necesidade de que cando se trae a este pleno iniciativas para arranxar algo, son conscientes de que tne que haber unha partida económica para levalo a cabo, pero hai prioridades, eles teñen unha iniciativa para dotar de auga na parroquia de Ribasaltas e lles gustaría que tamén fose aí ese que é de inversión e reposición de infraestruturas no medio rural. Di que van esperar á quenda do equipo de goberno, se ten algo que dicir máis do que se falou na comisión informativa, igual vostedes prevén propostas que se van facer fronte á iniciativa que eles traen ao pleno, sería interesante sabelo e van anunciar o voto na seguinte quenda.

Intervén D^a Katherinie Varela di que en relación ao punto terceiro o seu voto vai ser negativo, non porque non sexan necesarias as inversións, o voto en contra é porque sempre están en desacordo nas inversións que realiza o equipo de goberno, ven máis prioritario outro tipo de inversión. Por exmplo, no relativo a reposición en edificios de deportes, mellorar determinadas instalacións deportivas, sin saber con exactitude que o se vai realizar. O da xestión da piscina 180.000 euros máis ao ano, avisa agora que se van abster no punto 4, é verdade que a piscina necesita unha reforma e entenden para que hai que poñela a punto. En relación as obras do mercado gandeiro, parécello que se necesita un lavado de imaxe desa instalación, hai unha partida importante en reposición de infraestruturas, pero aí non está de acordo, é máis o voto en contra en que se invirte o diñeiro. En canto ao punto da melloras da piscina, vostede na xsúa propia prposta fala dun proxecto de mellora da piscina, na comisión informativa pediron documentación en relación a ese proxecto, que debería habela aportado, vostede considera que non a pideron por escrito, por iso vanse abster. Descoñecen se é necesario invertir 2 millóns de euros na piscina.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que D. Germán fai afirmacións que non son verdade, vostede pode preguntar nas comisións informativas e se lle responden, di que el pregunta punto por punto se hai preguntas, incluso do resto dos voceiros poden pedir aclaracións e non o fan. Cando un pregunta hai que dirixirse a quén hai que dirixirse, na comisión informativa se informa de todo, non é unha comisión debatre, e logo fai unha afirmación que a piscina vai costar 180.000 euros máis, se fora o ano completo son máis de 300.000 euros, a segunda non vai ser completa de aí os 180.000 euros, miren os datos e xa no meten a pata así. E logo fala do lixo, pero si o lixo veu a pleno xa saben que impartir o contenedor marrón custa 100.000 euros máis, polo tanto faláron os dous do lixo. O contenedor marrón hai que xestionalo, é certo que todo o material o pagou o concello, pero agora hai uns gastos que teñen un custo, e ese custo está cifrado en 100.000 euros, iso xa se viu, haberá que dotalo de crédito para pódelo cumprir. Logo fala tamén de diñeiro para festexos, é o verán cultural, para festas xa están os 300.000 euros, xa están aí, por certo xa pode dicir que os cinco días de concertos xa están, e logo fala de gastar as partidas xenéricas, vostede fai pouco aprobaron antes das eleccións un montón de partidas xenéricas, o pode facer a Xunta e non o pode facer o Concello, está claro que está destinado a investimentos, irán dando conta de cada un deles cando estean os proxectos. E logo fala dos Escolapios claro que fixeron alí, lembra que cando se fixo o campo de herba artificial, e despois tamén naquel momento o goberno de entón, tamén lle axudou a xestionar outra partida para acabalo campo, con ese clube hai unha colaboración, cando fai falla se utiliza o campo dos Escolapios, ou por exemplo para a Feira medieval, colaboracións tamén lle axudaron a arranxar a pista de baloncesto. Vostede pode estar moi preocupado, se non pudieran facelo non o farían. En relación coa piscina dicían que ían gastar 500.000 euros e logo van gastar



SECRETARIA

dous millóns, cando se falou disode que a empresa tería que facer un investimento de 1.000.000 , 00 euros se se prantexan unha acción integral estase a falar de 2 millóns de euros, di que el non fixo o proxecto, se supón que os proxectistas pon os importes do mercado, iso se fai en calquera obra pública, di que eles o que queren facer é unha piscina nova, van quedar catro columnas estruturais, para que quede un conxunto homoxéneo. E logo pregunta polos paneis, claro que vai haber, hai unha norma que esixe hoxe por lei que hai que ter un mínimo par aa auga quente. Dille a D. Emilio que di que a zona D está paralizada, non está paralizada o que está é en fase de resolución das alegacións, houbo 2 ou 3 persoas alegacións que hai que resolver, aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación e unha vez aprobado iso e cando hai que contratar o proxecto constructivo, non hai nada paralizado.

Dille a D^a Katherinie que o anteprojecto o recibirán nos próximos días, espera que lle guste. E di que o tema do asfalto que facía moita falta na cidade, pode ir dicíndolle á Xunta que asfalten a rúa Morín e a rúa Chantada, a el lle gustaría facer moito máis pero o presuposto é o que é, e despois ven vostede aquí e pide que se rebaixe o IBI, vostede non escoita e despois ten lagunas, porque non escoita. Será concurso, os anteriores que xestionaron foi concurso, seguirán con esa dinámica.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez pide desculpas porque estaba mirando unhas cousas non lle estaba dando a espalda, di que el non se burla de ninguén. Di que a piscina esta costando 45.000 euros máis os consumibles leva dende o 30.11.2023 preguntando polo tema da piscina, por unhas facturas de Foresa de 21, 22 e 23, dende o 20 de marzo poden facer o que querían, o 30.11.23 tamén preguntaron polas facturas do tratamento de auga, agora traen vostedes 180.000 euros para a piscina, non o comprende. Coas explicacións que lle dan, dende o 30.11.23 non contestan porque non lle da a gana, vostedes non digan a nós que os axudan a facer nada, vostedes fan as cousas así, porque as vostedes o fan a Xunta de Galicia. Tamén teñen cousas sen contestar do 20.03.2024 . As súas prioridades non son atendelos, sabe que non se burla de vostede.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que xa saben algo máis. Di que no punto 4 vanse abster dacordo cos informes de intervención, pois así llo poden recomendar e cando fala vostede do colector marrón o dixo claramente, ás veces se explica mal, reitera que se algo non entende que volva a preguntar, di que eles sabían que o ían impalntar, o que dixo no mes da aprobación dos orzamentos, dixo que tería que aparecer ese custo. O resto das partidas orzamentarias que son xenéricas di que eles vanse abster, porque xa que son xenéricas non teñen nada concreto e sobre todo porque en cada unha das partidas xenéricas non seguintes plenos traerán unha moción, e así non terá que botar en cara que non pedides, porque haxa partidas orzamentarias para esas posibles iniciativas que traían a este pleno.

Intervén D^a Katherinie Varela di que un presidente da Deputación ten que ter máis templa nos debates, parece que non lle gusta que non lle miren nos plenos, debería estar por riba de se o están mirando cando fala. Di que realze o desdén do que fala, na comisión informativa lle preguntaron cousas, aquí o que se contradí é vostede, se vostede quere aclarar que a piscina vai costar este ano soamente 180.000 euros, non fai falla falar con ese tono. En canto ás partidas xene'ricas, tamén eles poden votar en contra, polo tanto non sabe se non se entenden, descoñéceo, en ningún momento lle dixo que non pudiera utilizar partidas xene'ricas, deciden votar en contra.

Intervén o Sr. Alcalde dille a D. Germán que xa sabe que vostede busca algunha forma de restarlle importancias ás cousas que fan. A piscina nunca tantos abonados tuvo. Non pode dicir que cando hai que tomar decisión coas empresas non o fan. Fai pouco saíu a sentenza dunha empresa que xestionaba antes a piscina. O dos 180.000 euros, vostede din que se aumentou 180.000 euros máis da piscina, se miraran vostedes o contrato o saberían, si xa saben que queren empezar as obras da piscina en outubro, saberán que dende outubro ao final de ano estará pechada a piscina, entón digamos que na segunda parte do ano o gasto vai ser de xullo a setembro, dende setembro a decembro non haberá ese gasto, porque estará en obras, gastarase menos, e iso cre que é fácil de entender. E logo queixáanse vostede que non lle danos a información, vostede ten as actas das xuntas de goberno, aí nas actas van as facturas que se aproban, polo tanto iso que di xa está aí, e logo ven dicindo que hai 50 km , costa 7 millóns de euros, unha cuantía estimada, di que eles levan

SECRETARIA

invertido no saneamento e abastecemento bastante máis que esta cantidade, vostede mire para atrás o que gastaron os gobernos anteriores, agora mesmo estase facendo unha obra importantísima, son 2 millóns de euros o que se leva feito, xa dirá vostede, o que si pode dicir que se está traballando de xeito discreto para darlle unha solución definitiva ao problema de saneamento e abastecemento en Monforte.

Dille a D^a Katherinie dicía en tono de broma se non estaba escoitando pode ter esa laguna, e logo iso de que se pon nervioso, o non o coñece. Di que a el non lle afecta demasiado, hai unha cousa que se chama educación, xa sabe que se escoita polos oídos, se vostede non sabe asumir unha gracieta.

Di que cre cos remanentes e a operación de crédito vai permitir dar un mellor servizo ós veciños de Monforte.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

4º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 24/2024: APROBACIÓN SUPLEMENTO DE CRÉDITO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2024 FINANCIADO CON OPERACIÓN DE CRÉDITO.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro votos abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“ANTECEDENTES:

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 27 de novembro de 2023 o Orzamento do Concello de 2024, e publicada a súa aprobación definitiva no BOP de Lugo de 29 de decembro do mesmo ano.

Visto o proxecto de MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE A PINGUELA EN MONFORTE DE LEMOS, que ten un custo de 2.047.009,42€, para o que se ten solicitada subvención ó abeiro da Orde CUD/702/2023, de 26 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas do Consello Superior de Deportes a entidades titulares de infraestruturas para a mellora e optimización de instalacións e espacios deportivos que fomenten o turismo deportivo sostible, con cargo ós fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Visto que nas previsións iniciais do orzamento non está incluído o importe necesario para a súa execución, é polo que se pretende financiar o gasto coa contratación dunha operación de crédito por importe de 750.000,00 €.

A modificación orzamentaria que se presenta á consideración do Pleno municipal, previo informe da Intervención Municipal, consiste na aprobación dun Suplemento de crédito (S.C. 24/2024) nos seguintes termos:

Financiación: Operación de crédito:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>913.00</i>	<i>OPERACIÓN DE CRÉDITO</i>	<i>750.000,00</i>



SECRETARIA

Suplemento de crédito: O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DO SUPLEMENTO
342.632.01	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN	750.000,00

Visto o anterior, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO 24/2024 co seguinte detalle:

APLICACIÓN	CONCEPTO	INGRESOS	GASTOS
913.00	OPERACIÓN DE CRÉDITO	750.000,00	
342.632.01	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN		750.000,00

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

5º.-RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D JOSÉ CARLOS LÓPEZ VALCÁRCEL E D. JUAN RODRÍGUEZ ARIAS, CONTRA O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS DE DATA 29 DE XANEIRO DE 2024.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES

1º.- Con data 29 de xaneiro do 2024 o Pleno da Corporación adoptou, entre outros, o acordo, que se transcribe a continuación:



SECRETARIA

“8º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE OBRAS DE REXENERACIÓN DO FIRME DA RÚA SANTIAGO.

“Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

Feitos

1º.- O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2023, adoptou o acordo de aprobación do “Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago” elaborado polo arquitecto, don Ramón Carlos Fernández Losada.

2º.- A aprobación de dito Plan ten como consecuencia a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación de bens, ao amparo do establecido nos artigos 10 e 17 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (en adiante LEF).

3º.- Devandito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de data 18 de novembro de 2023, ao obxecto de proceder á información pública para que os/as interesados/as no expediente poidesen presentar as alegacións que estimasen como convenientes.

4º.- Durante o prazo de exposición pública foron presentadas dúas alegacións:

- alegación presentada por don Alfredo Álvarez Vázquez*
- alegación conxunta de don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias*

5º.- A alegación de don Alfredo Álvarez Vázquez baséase, fundamentalmente, en que o Plan de obras e rexeneración do firme da rúa Santiago supón a invasión da parcela de referencia catastral 1491039PH20019S000EBD e que, de seguirse adiante co citado Plan, supoñería a expropiación da parcela referenciada no seu lindeiro sueste. Manifesta que, a pesar de que o peche da leira non abarca toda a súa extensión, quedan sen achegar parte do terreo que vai formar parte do ámbito do Plan de obras. Conclúe mostrando o seu interese en que se mellore o acceso á rúa Santiago e solicita ser indemnizado co correspondente prezo xusto por mor da expropiación.

6º.- A alegación conxunta de don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias baséase, por unha banda en que non é certo que a rúa Santiago forme parte do viario municipal e, por outra, alega que os terrenos incluídos na planimetría, que figura no expediente, son de propiedade privada, aportando diversa documentación que, ao seu xuízo, fundamenta tal afirmación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



SECRETARIA

PRIMEIRA.- A Lei do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, no seu Título II no que se regula o procedemento xeral expropiatorio, en concreto no seu Capítulo I, establece os requisitos previos á expropiación forzosa.

Dispón. no art. 9, que “para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado”.

Non obstante o art. 10 do citado corpo legal establece que “a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio”.

O acordo adoptado polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos, non fai declaración algunha sobre a titularidade dos bens aos que afecta o Plan de obras, senón que se está no trámite previo do expediente expropiatorio que, no seu caso, haxa de ser tramitado e no que se determinará que bens, que non sexan de titularidade municipal, terán que ser obxeto de expropiación.

SEGUNDA.- No sentido sinalado no punto anterior, é meridianamente claro o disposto no Capítulo II da LEF que, ao regular a necesidade de ocupación de bens ou de adquisición de dereitos, no art. 15, dispón que “declarada a utilidade pública ou o interese social, a administración resolverá sobre a necesidade concreta de ocupar os bens ou adquirir os dereitos que sexan estritamente indispensables para o fin da expropiación.

TERCEIRA.- En consecuencia co exposto será no momento de establecer a relación de propietarios afectados pola necesidade de ocupación, cando sexa obxeto de análise a titularidade, pública ou privada, dos bens afectados polo Plan e, unha vez realizado devandito análise, se as fincas as que fan referencia os alegantes, don Alfredo Álvarez Vázquez, Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias resultan, como eles manifiestan, de titularidade privada, haberá de iniciarse o oportuno expediente expropiatorio no cal, como non podería ser doutra forma, se fixará o prezo xusto e, posteriormente, procederase ao pago ou consignación do mesmo, todo elo dacordo co disposto nos arts. 24 a 53 da LEF.

CUARTA.- Polo que se refire á alegación de don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias de que a rúa Santiago non forma parte do viario municipal, sinalar que nas Normas subsidiarias e complementarias do planeamento de Monforte de Lemos así como na planimetría catastral, a rúa Santiago figura como vía pública, independentemente de que, na execución das obras obxeto do Plan, poidan verse afectados bens e dereitos de titularidade privada, que serán determinados no momento de tramitación do expediente



SECRETARIA

expropiatorio, no trámite de declaración de bens e dereitos afectados, cando se determine os bens de titularidade privada que, no seu caso, é preciso expropiar.

Polo anteriormente exposto procede, a xuízo do que suscribe, que polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos se adopten os seguintes acordos:

- 1º.- Desestimar a alegación presentada por don Alfredo Álvarez Vázquez en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.*
 - 2º.- Desestimar la alegación, conxunta, presentada por don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias, en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.*
 - 3º.- Aprobar, definitivamente, o Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago, continuando o expediente expropiatorio.*
- É canto procede informar”*

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

- 1º.- Desestimar a alegación presentada por don Alfredo Álvarez Vázquez en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.*
- 2º.- Desestimar la alegación, conxunta, presentada por don Juan Carlos López Valcarcel e don Juan Rodríguez Arias, en relación ao Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago.*
- 3º.- Aprobar, definitivamente, o Plan de obras e rexeneración de firme da rúa Santiago, continuando o expediente expropiatorio.”*

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto”.

2º.- Con data de 15 de marzo de 2024 D. José Carlos López Varcárcel e D. Juan Rodríguez Arias interpoñen, en tempo e forma, recurso de reposición, contra o acordo sinalado no punto anterior.

Consideracións Xurídicas

PRIMEIRA.- O recurso presentado por D. José Carlos López Varcárcel e D. Juan Rodríguez Arias, reitera as alegacións presentadas, con anterioridade, que foron obxecto do informe que figura transcrito no acordo plenario, contra o cal se presenta recurso.

SEGUNDA.- Como xa se puxo de manifesto no Informe desta Secretaría, de data 19 de xaneiro de 2024 é no momento de establecer a relación de propietarios afectados pola necesidade de



SECRETARIA

ocupación, cando será obxecto de análise a titularidade, pública ou privada, dos bens afectados polo Plan, cuxa titularidade se atribúen os recorrintes e, unha vez realizado devandito análise, se as fincas as que fan referencia, tal e como manifestan, son da súa da sua titularidade, haberá de iniciarse o oportuno expediente expropiatorio no cal, como non podería ser doutra forma, se fixará o prezo xusto e, posteriormente, procederase ao pago ou consignación do mesmo, todo elo dacordo co disposto nos arts. 24 a 53 da LEF.

*TERCERIA.- Figura na orde do día da Comisión Informativa Xreal de Asuntos de Pleno , a celebrar o próximo día 20 de marzo de 2024, o asunto denominado “**APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DE REXENERACION DO FIRME DA RÚA SANTIAGO E DA RELACIÓN DE BENS AFECTADOS NO PROXECTO E OS SEUS TITULARES CATASTRAIS**” e, unha vez dictaminado, elevaráse ao Pleno para súa aprobación, se procede. Unha vez adoptado, no seu caso, o acordo, procederáse a súa publicación, momento no cal D. José Carlos López Varcárcel e D. Juan Rodríguez Arias, poderán presentar as xustificacións documentais, nas que basean a súa pretensión.*

Polo anteriormente exposto procede, a xuízo do que subscribe, que polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos se adopte o seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición presentado por D. José Carlos López Varcárcel D. Juan Rodríguez Arias contra o acordo do pleno de 29 de xaneiro do 2024.

É canto procede informar.”

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición presentado por D. José Carlos López Varcárcel D. Juan Rodríguez Arias contra o acordo do pleno de 29 de xaneiro do 2024”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións do punto número 5 e punto número 6:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que 4eles sobre a resolución do recurso de reposición, dende Esperta Monforte teñen tanto dereito o concello para expropiar como eles a recurrir, todos os recurso squ ese pretende en Monforte son denegados, con respecto á aprobación do proxecto van votar en contra, o trazado non era exactamente por onde eles pensan que debe ser.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que en canto ao punto 5 que entrou de urxencia na Comisión informativa que ven a falar un pouco do que xa faláron en pasados plenos con respecto desa propiedade, como se van facer as cousas, di que agora ven cun informe dunha empresa que ven a dicir o mesmo “se estaría cometiendo unha infracción de la Ley del Suelo de Galicia ...” e polo tanto eles cren que iso é así, se eles votan a favor de aceptar esta resolución, para chegar un acordo cos propietarios e senón van acabar no Xulgado, sería importante que aparecesen na páxina do Concello tanto os xuízos que se gañan como os que se perden.

Intervén D^a Jose Luis Rodríguez di que tanto no punto 5 e punto 6 di que eles xa dende un principio, di que eles xa votaron sempre en contra, di que a eles lle parece ben que se acondicione a rúa Santiago pero cara á rúa Martínez Andrade, vostedes non queren facelo e eles votaran en contra eles están a favor da reforma da rúa Santiago pero non do xeito que se vai facer.



SECRETARIA

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que en relación coa alegación, claro que teñen dereito a alegar ninguén llo nega, outra cousa é que se acepten as alegacións, iso non se cuestiona. Di vostede podendo saír para unha zona de 7 metros saen por una zona de 3, non quere que saia pola rúa Chantada, sae lodo, e di vostede, non se preocupe, dixeron que a rúa Martínez Andrade xa lle tocará, están ao principio do mandato, quedan 3 anos de mandato, tranquilidade D. José Luis. En relación co di D. Emilio do informe, di que el se fía dos seus técnicos, se un non lle vai dar a razón ao que recorre. Todo iso que di non é verdade, entre outras cousas, di que non figura nas Normas Subsidiarias de Planeamento, ou el non ve ben ou si colle un plano das Normas aquí están claramente as dúas rúas, e unha está así porque é de nova apertura, claro que está por moito que diga ese informe de parte que non está. Di que eles non están comentendo ningunha prevaricación. Así que está nas Normas Subsidiarias este camiño da rúa Santiago, so con ver as fotos dese camiño xa se ve que non é privado. Queda claro que é público, e log oque vai acabar no Xulgado, pois se defenderá a postura do Concello e é o que se vai facer, aí hai dúas vías a rúa Santiago e a Martínez Andrade que vai dar a rúa Santiago que están sen facer unha parte e outra feita. Hai que quitar o barro da rúa Chantada, a rúa Martínez Andrade xa lle tocará, e logo que se estaba antes.

Intervén D. Jaime Getrmán dicindo que eles non fan todas as cousas polo votos, non saben o que fan vostede, todo todo ben non se fai. Hai que recoñecer como cidadán que é moito máis sinxelo para eles como Concello que se pague a escote, hai que darlle mérito á xente que vai contra isto. E despois, comentou vostede do tema que hai que traballar e a el pasalle un pouco desde Esperta Monforte piden as facturas da luz da piscina, e lle dixo o interventor que como non veñen referenciadas nin eles nin vostedes mesmos saben cales son, entón tampouco pode dicir que vostedes son listísimos e eles son parvos, vostedes non mandan as facturas.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles non están en contra do progreso. Pero é importante defender os cartos públicos e a inversión pública, se se vai invertir uns cartos públicos, atendendo aos informes, di que el foi facer unha especie de croquis e xa o alertaron de que había ese problema, despois de ver documentación, no quería incurrir en que fose ilegal. O caso é que eles se fiaron dos informes do técnicos do concello e tamén dun informe que vostede di de parte, no caso de haxa que ir a xuízo pero este informe hai que darlle un valor.

Intervén D. José Luis Rodríguez di que é un pouco volver a repetir sobre o tema, comentar que eles si que traballan polo benestar dos monfortinos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que poden votar todos o mesmo. Dille a D. Germán que si non sabe como funciona a administración, canda haxa alguha denuncia á Xunta de Galicia, pagará a Xunta sexa a que sexa. E logo o que lle da un pouco de pena, dixo vostede que perdeu a ilusión. Di que nesta ano ese proxecto estará rematado e os veciños poderán disfrutar da mellora da rúa Santiago.

Sometida a proposta da alcaldía a votación resulta aprobada por maioría, con nove votos a a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, cinco votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e unha abstención do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

6º.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DE REXENERACION DO FIRME DA RÚA SANTIAGO E DA RELACIÓN DE BENS AFECTADOS NO PROXECTO E OS SEUS TITULARES CATASTRAIS.

O ditame é favorable á proposta con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular, do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:



SECRETARIA

Con data 15 de marzo do 2024, o Secretario Xeral do Concello emite o seguinte informe que se transcribe a continuación:

1º.- Con data 12 de marzo do 2024 o Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Excm. Deputación Provincial de Lugo presenta o "PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DOS TERREOS, BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REXENERACIÓN DO FIRME DA RÚA SANTIAGO"

2º.- Consta no Anexo I do "Proxecto de Expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a realización das obras de rexeneración do firme da rúa Santiago, cadro resumo de bens e dereitos afectados e a súa valoración.

1491035PH2019S0000YS	MONFORTE DE LEMOS	Obdulia Vidal López Dosinda Rodríguez Vidal María Pilar Rodríguez Vidal
1491039PH2019S0001BD	MONFORTE DE LEMOS	Alfredo Alvarez Vázquez e Purificación Arias Vázquez

3º.- Consta no Anexo II do "Proxecto de Expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a realización das obras de rexeneración do firme da rúa Santiago, follas de aprecio individuais.

4º.- Consta no Anexo III do "Proxecto de Expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a realización das obras de rexeneración do firme da rúa Santiago" certificacións descritivas e gráficas.

5º.- O Plan de obras de foi aprobado no Pleno da Corporación na súa de 29.01.2024.

6º.- A Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, establece no seu artigo 17 que " 1.a los efectos del artículo quince, el beneficiario de la expropiación estará obligado a formular una relación concreta e individualizada, en la que se describan, en todos los



SECRETARIA

aspectos, material y jurídico, los bienes o derechos que considere de necesaria expropiación. 2. Cuando el proyecto de obras y servicios comprenda la descripción material detallada a que se refiere el párrafo anterior, la necesidad de ocupación se entenderá implícita en la aprobación del proyecto, pero el beneficiario estará igualmente obligado a formular la mencionada relación a los solos efectos de la determinación de los interesados.

7º.- A Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, en relación cos requisitos previos á expropiación forzosa, establece, no seu artigo 9, que “para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado.

O artigo 10 do citado corpo legal establece que “a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio.

8º.- O artigo 10 do Real Decreto de 26/04/1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, pola súa banda, no que se refire á declaración de utilidade pública e interese social previa á expropiación forzosa, sinala que “a declaración de utilidade pública e interese social a que se refire o artigo 9 da Lei levará consigo a autorización para expropiar os bens ou dereitos necesarios para a realización das obras ou o establecemento dos Servizos”.

O artigo 11 do citado Real Decreto de 26/04/1957 ó regular a declaración de utilidade pública respecto de bens inmobles previa á expropiación forzosa dispón que “si os bens obxecto da expropiación furen inmobles, a declaración de utilidade pública deberá facerse mediante lei aprobada en Cortes”.

Non obstante o apartado 2 do citado artigo dispón que “non será necesaria a promulgación dunha lei formal nos seguintes casos:

- a) Cando se trate de obras e servizos comprendidos nos plans do Estado, Provincia ou Municipio, aprobados cos requisitos legais nos que se entenderá implícita aquela declaración.
- b) A realización concreta dos plans do Estado deberá ser acordada por orde ministerial, e os da Provincia ou Municipio, polos organismos competentes.”

Con base no anteriormente exposto procede, que polo Pleno do Concello de Monforte, se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Proceder á aprobación do “Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, benes e dereitos necesarios para a realización das obras de rexeneración do firme da rúa Santiago”, de acordo co disposto no artigo 17 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa”

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- **PRIMEIRO.-** Proceder á aprobación do “Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, benes e dereitos necesarios para a realización das
Acta pleno ordinario 25.03.2024



SECRETARIA

obras de rexeneración do firme da rúa Santiago”, de acordo co disposto no artigo 17 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa”

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por maioría, con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

7º.- CONSULTA PÚBLICA DA ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE EXTRACIÓN DA MADEIRA.

O ditame é favorable á proposta con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da Alcaldía:

“Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que “na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis”. Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao circulo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.



SECRETARIA

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

- a. *Consulta pública previa.*

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normase substanciará unha consulta pública

- b. *Informes previos.*

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

- c. *Aprobación inicial polo Pleno.*

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

- d. *Información pública e audiencia dos interesados.*

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.



SECRETARIA

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

- e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

- f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publike completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

- g. Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa ten que ser realizada mediante inserción no Taboleiro de Anuncios da páxina Web do Concello de Monforte de Lemos.

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

UNDÉCIMO.- O procedemento para a modificación da ordenanza esixe, para a súa aprobación, a mesma maioría e procedemento que para a aprobación da ordenanza actualmente en vigor.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública previa da Ordenanza Municipal de Extracción de Madeira do Concello de Monforte de Lemos.

É canto procede informar”.

Acta pleno ordinario 25.03.2024



SECRETARIA

Existe regulación actual, no Concello de Monforte de Lemos, da materia de tráfico, pero estímase que, para profundizar na mellora das súas condicións, é acaída a adopción de medidas complementarias ás existentes, medidas que esixen un respaldo normativo.

Por elo, existindo norma de carácter xeral que regula a materia, considérase suficiente para o obxectivo que se quere acadar, unha mera modificación da ordenanza existente, cuxa aplicación non está a causar ningún problema, pero que verase complementada e mellorada coas medidas que se pretenden implantar.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta pública previa en relación á aprobación da ORDENANZA MUNICIPAL DE EXTRACIÓN DE MADEIRA.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte de Lemos, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública os cidadáns afectados, en concreto as persoas físicas empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º.- A consulta faise coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4º.- Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.

5º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que como se quedara no pleno pasado onde o BNG retirou unha iniciativa dicindo que se estaba preparando a ordenanza, e que previamente terá que saír a consulta pública.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade, cos vostos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular. dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.



SECRETARIA

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O CONCELLO A LEVAR A CABO ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A MODERNIZACIÓN E REHABILITACIÓN DA CASA DA CULTURA.

O ditame é favorable á proposta con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e sete abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que se leve a cabo un plan de actuación no edificio da Casa da Cultura onde se rehabilite e mellore a sala de exposicións, salón de actos, aulas, facendo especial fincapé nas actuacións mencionadas nesta moción relativas a Biblioteca”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez dando lectura á moción.

Intervén D. Jaime Germán Vazquez di que entenden esta iniciativa porque son moitos os usuarios que se queixan dos ruidos e das instalacións, cando menos mellorables, sobre todo no tema dos horarios, á xente se lle fai relativamente corto ou que haxa máis persoal para estes temas. Entenden que se teña que facer un esforzo por parte do equipo de goberno, no por intentar moitas destas cousas, que queiran unhas mellores instalacións, entenden que vostedes non reciban ningunha queixa de nada.

Intervén D. Manuel Luaces di que no tempo que leva aquí escoitou o espírito da iniciativa é o correcto, que mellorar as instalacións municipais é sempre positivo. Tamén saben que se están levando a cabo varias iniciativas que aparecen aquí reflectidas, a mellora da imaxe da entrada, queren facer unha engádedaga “aumentar en horarios e intentar abrir as fins de semana”. Moitos estudantes que estudian fóra ven as fins de semana e necesitan un espazo, a sala da cultura ten unha sala de exposicións nos fins de semana, se hai vontade poderá facerse.

Intervén D. Ibán Torres di que espazo onde se conserva un conxunto de libros é a definición da biblioteca. Di que a nosa cumpre con creces a definición, certo é que os tempos cambian, pero iso non significa que haberá que transformar os espazos públicos en superespacios. Di que os informes dos técnicos se orientan na liña de información, opositores un 99% e 1% van ler a prensa, polas tardes van opositores, préstamos de libros. Isto é como funciona a biblioteca municipal . Fala ás veces dunha forma que se desmerecen os servizos públicos que non se corresponde coa realidade. Di que cre que como monfortino se sente apenado que valoren máis os alleos que os propios os bens dos que disponemos. Di que entremezclan cousas na moción, fala da modernización da casa da cultura e na súa exposición se centra na biblioteca, e na mellora do salón de actos.

En canto á mellora da imaxe do salón de actos, comenzaron a solicitar subvencións da Xunta, nunca se concedeu nin a primeira, o motivo que dan non se alcanza a puntuación. Fai escasamente pediuse outra subvención. Fala da imaxe de entrada da sala de exposicións, as dimensións son as que teñen, o espazo para exposición é o que hai e o que sempre houbo, non esqueza que é un sitio moi céntrico, nunca houbo queixa da sala de exposicións. En canto ás restantes salas, son salas pola UNED e están practicamente habilitadas para o seu uso, nunca houbo queixa.

Fala de que o equipo de goberno para conseguir que a biblioteca sexa máis moderna, cando se executa unha obra non se poñen parches e se fai unha reforma integral para que quede para moito tempo a proba a teñen no pavillón da Pinguela. Grandes obra para unha gran cidade.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que cre o Sr. Ibán Torres non soamente falou da biblioteca e falou das aulas, como profesor da Universidade deixou de dar clases no 2008, nada que ver coas aulas nas que daba clase na Universade de Ourense, se seguen dando clases á antiga, as clases seguen sen estar insonorizadas, os accesos hai que poñelos en interrogantesk, vostedes define segundo a RAE,a



SECRETARIA

biblioteca non so teñen un ámbito de libro, invítalle a ler o que di a UNESCO a este respecto. Non se pode invertir na biblioteca 26.000,00 euros e máis da metade é para o persoal. Aposten polo pilar máis forte da cidade que é a cultura. Os nenos veñen a pasar as fins de semana e teñan un espazo aberto apra facer consultas, o tema dixital sirve para calquera cidadán, incluso acceder a súa sede electrónica do Concello.

Intervén D. Jaime Germán cinco millóns para a Praia fluvial. Entende que as súas respostas sexa así, o que non se deberían estar todo o día a resposta que se intenten arranxar para modernizar non pode ser que non teñen cartos.

Intervén D. Manuel Luaces di que está claro que a iniciativa é positiva que vostedes non teña esta prioridade é lícito, senón queren chamarlle biblioteca chamenlle sala de estudo. Quería saber si van aceptar a agádada que propuxeron.

Intervén D. Ibán Torres con respecto ao que pide vostede non sabe a onde quere chegar, mellora da imaxe do salón de actos, en qué consiste. Os usuarios son un 90% opositores e usan a biblioteca para estudar. No pode poñer en dúbida as persoas que atenden este servizo. Fala que o horario é dunha xornada de oito horas e media. Di que eles saben moi ben cales son as prioridades e son as que levan a cabo. A folla de ruta deste equipo de goberno e deste Alcalde son grandes proxectos para unha gran cidade.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que ela non puxo en dúbida ao persoal da biblioteca simplemente reclamaou información, di que ela no seu campo senón se forma queda no ano 1989, hai que avanzar cos tempos, cando a xente pregunta algunha dúbida teñen que ser capaces de resolvelos, o que si pide para eles formación en ferramentas novas que non ten nada que ver, o que tamén lles gustaría pedirllas aquí que fagan peticións ao goberno central.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo canto da á Xunta para a biblioteca, 1.000 e 2.000 para a compra de libros, que ten a competencia transferida. De verdade, todas as queixas deben ir a vostedes, eles pediron un informe á bibliotecaria e que di que hai poucas, segundo que demandan máis horario de apertura pero despois piden unhas regletas, uns enchufes, que cando ensaian os de teatro hai ruído, pero que fan non deixan ensaiar, este é un informe que fai a profesional que está formada, supón que é unha licenciada e está formada. Vostede fala de accesibilidade cando é mentira, porque eles firxeron un plan de accesibilidade avalado cun informe de Cogami e son accesibles, ata que chegaron eles non había ascensor. Que vostede veña aquí a quitar o tema da UNED, a UNED o concello non ten ningunha competencia sobre iso, o que hai aquí é unha aula froito dun convenio coa Deputación de Lugo, e ao ano custa 50.000 euros, toda a decisión de profesores e competencia da UNED, se paga por ter ese servizo aí. E logo D. Germán fala vostede da ponte do Malecón, da zona C e da Praia fluvial, xa sabe que lle molestan a vostede, non se preocupe son boas para Monforte, e por iso faranse.

Sometido o asunto a votación resulta rexeitado por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do Concelleiro de Esperta Monforte- Grupo Mixto.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O CONCELLO A LEVAR A CABO AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA MANTER A SEDE DO CRAEGA EN MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á proposta con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto, e sete abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Que o Concello de Monforte leve a cabo todas as actuacións necesarias para que a sede principal do CRAEGA continúe en Monforte, incluso mediando a través do alcalde, tamén Presidente da Deputación, para a cesión a este organismo das dependencias e os terreos existentes no Pazo de Tor que actualmente están en desuso”.

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Jaime Germán di que teñen claro que o CRAEGA debe permanecer en Monforte, pide que hoxe actúe como alcalde de Monforte, porque tamén son moitas as veces que lle piden, entenden que non hai ningunha dúbida de que vostede quere que o CRAEGA se quede en Monforte, o CRAEGA pide o Pazo de Tor que é a súa finca. Ese Pazo de Tor está infrautilizado, é certo que iso pode parecer unha chantaxe e que iso, como se din todos os temas políticos, xa explicaran vostedes ao mellor polo miúdo, o CRAEGA pide unhas instalacións que non se están utilizando. Di que non se pode deixar de loitar para que o CRAEGA quede aquí, hai moita xente que é de Monforte, e se a maiores co posible plan que traían para o Pazo de Tor, entenden que non estaría mal as cousas que piden, porque é unha forma de xerar máis recursos, gustaríalle que se aprobara por unanimidade. Pide que faga o posible se quede aí.

Intervén D. Emilio José Sánchez dille ao sr. Alcalde vostede neste punto cando isto se soubo tiña que debeu facer unha xunta de voveiros incluso convidando ao presidente do CRAEGA, para poñerse ao tanto de como estaban as cousas. Primeiro, xa é de recorrente o que queira escoitar o pleno da Deputación que mañá vaia a Lugo, aquí estase no pleno de Monforte, a iniciativa que ven a Monforte non é igual que vai mañá a Lugo, non é a finca do finca do Pazo de Tor, e á finca de Tor, son distintas. Terceiro, aquí é un órgano independentne o CRAEGA a Xunta nonten a culpa, decidiron que ían para Lugo, aínda que a Xunta de Galicia si ten capacidade para paralizalo, a solución si é política. Foi o Conselleiro da Xunta quen o quixo levar, fala dun acordo da Deputación, lembrar que no 2018 se di ao sr. Presidente do CRAEGA cando había un acordo plenario unánime apra concederllo a Prodeme. Eles non poden acceder a chantaxes, se tanto interese teñen pola finca de Tor non se van de Monforte. No caso dee que esa finca se cede haberá que facelo votado no pleno da Deputación e ligado a un proxecto viable e sobre pensando que o que se vai facer alí sexa de interese público. Lembrar tamén moito interese pola ecoloxía cando a xunta denegou e con todo isto é normal que a estas alturas da partida, saben que pode chegar pagar o pato, os traballadores do CRAEGA. A solución é política e a Xunta pode paralizalo, buscando o xeito e sobre todo falando, vai poñer unha engádega “sen excluír ningunha posible dentro do ámbito de Monforte”.

Intervén D. Ibán Torres realmente resulta que o director dunha entidade non se dirixa ao alcalde para manifestar a decisión de deixar as instalacións do CRAEGA, é penoso que se teñan que enterar pola prensa. Cre que a educación e o respecto coas decisión que se toman. Está mal, isto é unha decisión política, está de actualidade porque se utilizou políticamente. O Local onde se pretende instalar en Lugo leva apalabrado fai moito tempo, o seu Presidente fala cos medios de comunicación que o espazo que teñen , isto é unha excusa para actuar de conveniencia. Nunca o director do CRAEGA se puxo en contactdo co alcalde, pero para xustificar a súa marcha alega anomalías que nunca existiron, a marcha do CRAEGA obedece a motivos políticos e detrás dixo están vostedes. Este alcalde lamenta que o CRAEGA deixe Monforte, e os empregados viven en Monforte e na comarca, pensaron neles, estes empregados van ver modificadas as súas condicións laborais. Esta é unha forma correcta e transparente de facer as cousas. Habería que aclarar o sr. Presidente do Craega que é o que realmente quere, a que obedece este cambio despois de tantos anos, este alcalde puxo o edificio de Expolemos ao servizo do Craega pero tampouco lle valeu, é máis o Presidente da Deputación ofreceron ao CRAEGA os servzios que están detrás do Pazo de Tor,pero tampouco lle valeu. Qué o quere o CRAEGA ou mellor dito que é o que quere o seu Presidente, isto é que amosa ou alomenos da lugar a pensar que hai unha intencionalidade de cor político, involucrar a este concello nun feito que está consumado, en base a todo a súa moción carece de sentido, depios de todas as xestións realizadas por este Alcalde.



SECRETARIA

Intervén D^a Katherinie Varela para aclarar divresas cousas o inmobile en Lugo todavía non se comprou, e se efectdou unha sinal, non se formalizou en contrato. Estase nun tema que atañe a Monforte de Lemos. Di que eles teñen o mesmo dereito a vir aquí para que se inste á Deputación Provincial aquí se puides que actúe como alcalde e que inste ante a Deputación Provincial. Fala de que é un órgano que toma as súas decisións, a ela lle pareceu que se enteraron todos á vez, saen todos correron dicindo que todo é por culpa da Xunta, o que teñen que aclarar e falar o que lle ofreceron, o primeiro que fixo foi botarlle a culpa á Xunta. Aquí hai unha contradición clara, vostedes din que non recibiron queixas e eles din que si. Ofrézcales o que sexa, non se quede polo menos coa sensación de que non lle ofreceron, o Pazo de Tor esas fincas non están en uso, fale con eles e denle unha última oportunidade para que a sede se quede aquí.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez é penoso o das 200 hectáreas e que logo se queiran ir para Lugo sen finca. Dende a Deputación lle poñan riba da mesa o Pazo de Tor e a finca de Tor, o que é un sin sentido como alcalde vostede chamou ao presidente do CRAEGA nestes días? Se vostede como alcalde ten que pedirlle á Xunta de Galicia que paralice ese traslado, que vostede actúe como alcalde e teña a ben paralizado de calquera maneira, aínda non se sabe se vostede se puxo en contacto co presidente do CRAEGA ou se o presidente do CRAEGA vai ter que facer unha instancia como vostede queira. A Deputación non está utilizando iso, o que hai é un pazo infrautilizado.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o estatutos o CRAEGA depende da Consellería do Medio Rural. Saben que se queren marchar, din claramente e queren que se queden en Monforte porque é unha maneira de fixar poboación, o CRAEGA é do ámbito de todo o país, é a nivel galego, e ten competencias, xa saben que se queren marchar, se a Xunta dicide que se quede en Monforte. Eles van a votar a favor e lle gustaría que lle engadise sen excluír ningunha posible ubicación. En canto se formalice, o Parlamento de Galicia, unha das primeiras iniciativas que van levar a cabo vai ser isto.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que se entendeu o que dixo depende da Xunta. Hai que chamarlle ás cousas polo seu nome, estas chiquilladas, este é un feito consumado por vontade exclusivo do seu Presidente e da Xunta de Galicia, o que pretender vir a aquí anunciando a crónica dun fracaso anunciado. Se realmente queren que se quere aquí, o ten que facer a Xunta de Galicia, vostede ven aquí con esta moción poñendo baixo a responsabilidade do alcalde cando sabe que é un feito xa anunciado. Non sabe si D. Germán non se entere de nada ou as preparan xuntos.

Intervén D^a Katherinie Varela di que teñen que ter máis templazas, tanto que vostedes están empeñados os socios presentes da Deputación e que a Xunta pode paralizar a marcha da sede. Tanto que vostedes cren que a Xunta poen paralizar iso, ela lles invita que poden presentar unha enmenda que se insta á Xunta de Galicia para que paralice a marcha do CRAEGA, fáganno. Sexan valientes e fágano porque ela o apoio e o votan. Eles van apoiar esa enmenda que queren engadir, o que piden aquí non se queda coa dúbida de que vostede non fixo todo o posible como alcalde de Monforte para que este Consello Regulador non teña a súa sede aquí.

Intervén o Sr. Alcalde di que xa sabía que tiña vostede un papelón hoxe, porque o Concello non fixo nada para que estes señores se vaian de aquí, porque teñen o Multiusos, ofreceúselles Tor directamente e través da prensa e tamén lle ofreceu Expolemos, dicía que 2 km era moi lonxe, pero resulta que agora lles vale a Escola de Capacitación Agraria que está a 2,5 km, e ademais teñen finca igual que hai en Expolemos, os Consellos reguladores non cultivan, entón porque queren unha finca, se estes señores tamén certifican mexilón ecolóxico, e que se di cada tontería que é impresionante. Que quede claro queo Concello non fixo nada para que se vaian, e quen se vai é o que ten que avisar. Eles son os inquilinos do Multiusos, e din que se lle queda pequeno o espazo, se lle valeu fai 25 anos, e se iso non é así, non poden poñer de excusa que están rodeados de instrumentos musicais, hai un salón para 450 persoas que poderían utilizar sempre que queiran. Na entrada hai unha aula que estivo ocupada pola Seguridade Social durante o tempo que duraron as obras e serviulle a Seguridade Sociale e non lle vale ao CRAEGA, fala vostede que non houbo negociacións, iso é



SECRETARIA

mentira. Houbo reunión si, negociación non. Porque o que pedían era unha vez unha memoria valorada que traían tres opción, el saben o que é un proxecto , que básicamente había cinco empresas interesadas para repartirse a finca para ter un escaparate ecolóxico, todo a cargo da Deputación, se algunha empresa quere ter iso que o pague, xa está ben de chulería e iso non o tolera. A proposta que lle fan é unha proposta trampa os edificios de Tor son os edificios anexos da antiga Caza e Pesca se lle ofreceron, e dixeron necesitaban banda ancha e estes señores agora fan o que fan. A Consellería o outro día veu visistar o CCA resulta que ao Concello manda un correo o día anterior donde se informa de que o conselleiro vai estar mañá en tal sitio, que casualidade atopouse co señor presidente do CRAEGA, a que vai o presidente do CRAEGA, por certo a visita que vostede fixeron a Tor foi sen permiso. Vostede ten que pedir permiso, non poderían entrar aí. Que lle dixo vostede alí, o normal e que lle chamaran a el, foi vostede e non foi sola. Xa se ve o que arranzaron claro. Este señor fai bastantes meses que ten apalabrado o edificio que van mercar, porque iso llo dixo a unha persoa , un edificio que estaba embargado polo banco de Bilbao e que iste señor negociou a compra e deu un sinal do adianto do diñeiro e fixeron o paripé porque tiña que aprobalo o Pleno e tiña que aprobalo o Pleno. Hai que ter un pouco de dignidade, así que non veñan con contos, non se fixo nada para que se marcharan e se lle ofreceu todo. A Deputación de Lugo a este señor non lle pediu nada nin sequera informou á Deputación o que queren facer nin ao Concello tampouco. O problema dos traballadores do CRAEGA o crearon estes señores non o Concello, é máis como viu que a cousa non tiña volta atrás que demandaran o que lle corresponden que teñen que indemnizalo por traslado. Por certo aquí en Monforte dos 12 viven 4, o resto non viven en Monforte, o resto nas proximidades. Saben ben o dano que lle causan os traballadores. Dille a D. Emilio que é pouco amigo das parafernalias . Hai que ser serios e aquí o que hai é a relación desta xente co Partido Popular. As empresas escaparate que era o que pedían que compren unha finca e que a poñan como queiran, de verdade hai que ter un atrevemento. Pregunte á Xunta porqué recortaron os fondos da agricultura ecolóxica. Saben ben como se pon e se quitan ao Presidente do CRAEGA hai moita marxe da elección do presidente. Non quere revivir unha cousa que houbo en Tor unha cousa que chamaba fundación que presidía un señor que se chama Bobadilla e que esa fundación vendeu toda a madeira de Tor, que aínda hoxe non se saben onde están os cartos, e con bo criterio D. José Ramón Gómez Besteiro resolveu a fundación, chantaxes cero. Di que xa lle ofreceu de todo a este señor, se non lle valle o que lle ofreceron outra cousa non lle poden dar, a donde van non teñen finca. Expolemos quédalles lexos a finca de Tor quédalle cerca, se a Xunta de Galicia lle houbera dito en serio a este señor que se non se vaia, non se van. Esta iniciativa non ten ningún sentido.

Sometido o asunto a votación resulta rexeitado por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do Concelleiro de Esperta Monforte- Grupo Mixto.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-ESPERTA MONFORTE PARA APOIO Ó VIÑEDO DA RIBEIRA SACRA.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo municipal do BNG e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"1. Trsalar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial de Lugo/Ourense a necesidade de estudar e impulsar as seguintes medidas:

a) Establecer incentivos para manter o tipo de cultivo tradicional en pendente, amurado, forma de aterramento e cultivo dentro da Paisaxe Cultural BIC Ribeira Sacra. Para iso, cómpren liñas de apoio directo ás e aos produtores deste tipo de parcelas, polo plus de traballo e custos que existe manter a paisaxe, incentivando, ademais a recuperación de viñedos históricos.

b) Que a PAC se adapte a nosa realidade para que se primen as hectáreas de viñado en socalco. Tamén, para apoiar a toda a xente que produce uva, a PAC debería chegar o viñado en ladeira, tnato para



SECRETARIA

agricultores a título principal como para persoas produtoras de uva que o fan como economía complementaria.

c) Abordar a posibilidade de paralizar na DO Ribeira Sacra as novas plantacións de viñedo, sempre que non sexan replantacións en ribeira amurada. Esta moratoria non debería ser inferior a 5 anos, que deberían ser suficientes para elaborar unha delimitación cartográfica da zona de produción da DO, na que quede marcada a produción en socalcos ou muros, que será a que debe recibir axudas e un especial pulo polo seu carácter heroico.

d) Incentivar a diferenciación e a calidade a través dos controis de produción, buscando ampliar mercados con demanda regular, e abordar a diferenciación territorial da uva e dos viños, isto é, ademais das subzonas, traballar na catalogación de parcelas de ribeira en muros de só ou non, como máximo, dous liños de cepas.

e) Disposición de oferta formativa de cantería na zona, que inclúa a formación na reparación e construción de muros tradicionais da ribeira.

f) Reforzar o asesoramente a novas persoas viticultoras explicando as liñas de axuda e facilitando a burocracia para procedementos complexos como incorporacións ou reestruturacións e coa finalidade de diminuír custes e prazos.

g) Na maridaxe co turismo é esencial mellorar a promoción dos nosos viños na hostalería de xeodestino Ribeira Sacra, incentivando a oferta hostaleira de viños locais.

h) Canto é necesidade urxente de dar saída os excedentes, a Xunta debería tomar en serio a destilación destes excedentes nas adegas este ano 2024, implantando unha planificación a curto prazo e cunha liña de axudas ás adegas para tal fin. Hai que ter en conta que os destilados son tamén un produto tradicional da zona.

2.- Trasladar estas conclusións e amosar apoio e colaboración municipal na consecución destes obxectivos ao Consello Regulador da DO Ribeira Sacra.

3.- Promover, de acordo coa hostalería local, adegas e Consello Regulador, unha campaña municipal de promoción dos viños da DO Ribeira Sacra na hostalería do municipio e entre os postos ambulantes das feiras mensuais ou temáticas. "

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que son coñecedores da problemática dos viticultores sobre todo este ano debido ás excedencias de colleita e cren que este debate de aprobar medidas onde se ten que dar este debate é no consello regulador. Non vai entrar na exposición de motivos, falaban de liñas de apoio directo a este tipo de parcelas. Isto aquí a recuperación de viñedos históricos foi un dos causantes, hai que saber que teñen o mesmo problema aqueles viticultores que están dentro do consello regulador cando a paisaxe cultural a conforman os que non están no Consello Regulador. Abordar a posibilidade de plantar outro tipo de viñedo de que non é Mencía. Di que poñería en "muros tradicionais" se se limitan a un ou dous liños, estase a falar a zona de Amandi, quedarían fora deste punto as ribeiras de Chantada, Pantón e Saviñao, non se pode deixar a ninguén fora. Di que van votar a favor. Debería ser obrigatorio que se consuma viño da feira, non ten sentido que se nos propios establecementos onde de come nalgúns non teñen viño que se vende na propia feira. O viño hai que promocionalo fóra de aquí.

Intervén D^a José Luis Rodríguez di que o prestixio dos viños galegos fai un referente da zona. Vai contestar punto por punto a esta moción, fala do punto a están de acordo tendo constancia de que o Consello está traballando sobre o mesmo. O punto b totalmente de acordo necesítase unha remodelación, o punto c non o debe abordar ten que ser o consello regulador, eles os verdadeiros coñecedores do sector, o punto d corresponde tamén á decisión do consello reguladora, o punto e sería o ideal pero cunha formación en cantería é unha problemática existente de falta de man de obra. O punto d este traballo xa o fan as oficinas técnicas agrícolas especialidades. O punto g desta moción tería que encadrar o consorcio de turismo da Ribeira Sacra, aínda que o concello debería ter unha concellalía de Turismo, cun técnico ao seu fronte. O punto h saben de primeira man que dende o consello reguladora dende a Xunta se están facendo cousas, existe moi boa colaboración e

Acta pleno ordinario 25.03.2024



SECRETARIA

predisposición da Xunta de Galicia. O punto 1 saben que existen e que é grave. No punto 2 faise un enorme esforzo económico para o Festival do Viño. Aínda non estando de acordo con todos os puntos di que van a votar a favor.

Intervén D. Ibán Torres di que é certo o que din que hai un descenso da venda. Precisamente a pandemia é unha responsable da acumulación de viños nas bodegas. Isto non ocorre nesta denominación de orixe incluso naquelas que se atopan cunha tradición de tintos, resulta que o branco agora ten un desenrolo exponencial en canto ao mercado. O certo é que antes era o tinto e agora hai máis demanda o viño branco. Manifesta que a administración obrigada a buscar as solucións é a Xunta de Galicia e é quen ten as competencias, para poñer riba da mesa as liñas de apoio ás denominacións de orixe. Estan en contra de paralizar as prantacións, encanto ao modelo de cultivo ata de agora os viticultores saben moi ben cantas liñas de prantacións deben haber. No texto da moción confunde algo que é importante que os destilados non poden ser para consumo humano, senón que é para uso industrial. O compromiso deste concello co sector vitícola está máis que desmostrado, tal é así que se creou o festival do viño de Monforte. Por último dicir que todo o que solicita, evidentemente son competencias da Xunta, non sabe como poder abordar estas peticións. Non poden apoiar esta moción porque non garda coherencia co que pide coas competencias.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez da as grazas polo apoio, con respecto ao PP da as grazas, etnedne que cada un ten as súas opinión, riba da mesma hai que poñer un problema que é real, dar as grazas ao PSOE están a favor dalgunhas cousas e o único que van facer e non votar a favor. Están a favor do festival do viño, non entende porque nunca se poñen de acordo se se ten que pedir á Xunta tamén se lle pode pedir á Deputación.

Sometido o asunto a votación resulta rexeitado por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do Concelleiro de Esperta Monforte- Grupo Mixto.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO-ESPERTA MONFORTE PARA RUTAS DE SENDEIRISMO

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo municipal do BNG e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

- 1. Facer un estudo de Rutas de Sendeirismo por diversos lugares do concello.*
- 2. Financiar e acondicionar de forma progresiva cada unha das que se considere.*
- 3. Publicitalas a través de redes Sociais para que chegue a información a todos os veciños e de forma directa aquelas persoas, locais ou foráneos que practiquen o sendeirismo".*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Manuel Luaces di que a eles consideran que é unha moción que lle gusta, de feito xa levan no seu programa electoral rutas de sendeirismo, pode tamen se poden ampliar a visitas a zonas de Monforte, fala do tema de estar no monte preveiría os incendios. Dique é unha maneira de traer turismo, di que el forma parte dunha asociación que realiza rutas de sendeirismo, é importante e podería ser moi positivo.

Intevén M^a Luisa Vázquez di que a súa incención de voto é que se apoie , o que tamén haberá que facer é unha perfecta sinalización, publicitar estas rutas, sendeirismo concello de



SECRETARIA

Monforte, na páxina do concello non se oferta soamente se hai ruta. Nas rutas que están anunciadas na páxina web sería bo poñer se se pode facer en bicicleta, camiñando e dar máis información, na páxina web hai unha opción que di turismo de interés, o turismo non soamente son as festas patronais, nin a feira do viño, hai que promocionar un turismo cultural durante todo o ano.

Intervén D. Ibán Torres a parte dos Concellos da Ribeira Sacra son rurais, e dispoñen de pouco verde de atender, Monforte conta con variados e espacios verdes, que requiren un mantemento diario. Di que se atreve a dicir que son admiración de moitos Concellos do entorno, en canto aos espacios verdes, tal é así que hai moita xente que ven de Saviñao, Pantón, Bóveda a pasear nos espazos verdes. Di que o principal obxectivo son os veciños todos en xeral, o que demandan son espazos verdes onde pasear, conta con máis espazos verdes que a capital da provincia. Estase organizando a cidade intentando combater o cambio climático, non se poden adicar á apertura de zonas de sendeirismo e seguindo os intereses da xente é o que hai que atender, ademáis non se trata de abrir rutas de sendeirismo, senón que se trata de mantemento continuo. Monforte é a capital da Ribeira Sacra é unha cidade admirada e ata envidiada con respecto aos espazos verdades cos que conta. Non van apoiar a moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que el non se vai poñer nervisioso, nin nada. Di que se está traendo unha cousa que lle parece sinxela, da as grazas polo voto favorable, dan as grazas polo voto en contra porque están nas antípodas, non é de recibo que se fagan mocións e que vostedes a tomen a "chirigota", voten o que queiran segan con esa actitude. De todas formas aínda que sexa polo seu compañeiro, deberían de ter en conta que hai unha falta de sendeirismo que Monforte ten rutas interesantes. Dille ao alcalde que non se crea todo o que lle contan que todo está fantástico e maravilloso.

Intervén D. Manuel Luaces di que non ten moito máis que dicir, si que é certo que a ruta do río cabe ata o San Mateo si que está sinalizada, pero cando sube o nivel do río perda a sinalización.

Intervén D^a M^a Luisa Vázquez di que lle parece subrealista a defensa do Sr. Torres, fala como o sendeirismo como ruta do colesterol, esta vostede equivocado, deberían de promocionar o deporte e que veña a xente, promovan o turismo.

Intervén D. Ibán Torres a defensa da moción a fai o señor voceiro de Esperta, dixo o da ruta do colesterol porque se lle chama así a esa ruta. A el lle entristece teña que falar pola boca doutro señor sen pedirlle permiso, e iso é unha falla de respecto moi grande. Non ten ningún interese de que vostede non se controle. Di que a súa exposición a fai como lle parece oportuno. Mírese ben igual o problema de percepción o ten vostede.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede quitará fotos da ponte, non lle quepa ningunha dúbida. Ningún goberno municipal invertiu tanto en turismo e en deporte. Os datos están aí, o resto son contos. Non hai comparación posible.

Sometido o asunto a votación resulta rexeitado por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal popular, dos concelleiros do Grupo municipal do BNG e do Concelleiro de Esperta Monforte- Grupo Mixto.



SECRETARIA

12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AO ABASTECIMENTO DE AUGA NO CAMIÑO DE RIBASALTAS.

O ditame é favorable á proposta con dous votos a favor do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto e do concelleiro do Grupo municipal do BNG e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"1. Que o equipo de goberno faga as xestións necesarias, para dotar de abastecemento de auga potable @s veciñ@s da parroquia de Ribasaltas, que viven entre a rúa Ramón Cabanillas e as instalacións do Golf Río Cabe.

2. Completar o alumeadado público do vial denominado "Camiño de Ribas Altas".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez da lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que o abastecemento é un servizo básico, no tema de alumeadado gastáronse preto de 4 millóns de euros de alumeadado, agora traen no punto 3 un gasto de 1.300.000 euros entenden que estes 50.000 non sería ningunha cousa ilóxica tendo votande para facelo. Di que eles votaran a favor.

Intervén Dª Katrheirnie Varela di que o que está claro seguen habendo moitos problemas. Fala do problema que houbo do abastecemento de auga as parroquias. Véase que hai unha serie de veciños que non teñen o abastecemento de auga e luz. Gustaríalle escoitar o que di o equipo de goberno en relación a este asunto, isto é unha competencia propia o abastecemento de auga, si que a van apoiar.

Intervén D. Ibán Torres manifesta que se non fora porque se trata de vostede estase derivando en propostas aparentemente, xa que poden ser propostas que son cousas que non se poden cumprir e se remite ao que di á lei do solo de Galicia. Di que eles non son partidarios de dicirlle a ninguén o que teñen que facer debería coñecer as normas legais que impiden o que impiden. Eses terreos están calificados como solo rústico, a lei do solo prohíbe a construcións en solo rústico, non sabe si é o caso, non sabe se vostede está ao tanto en canto ás edificacións desa zona. Fala do que di o contrato con Aqualia. As persoas que residen solicitaron traída de auga aos anteriores alcaldes, ningún o puido facer, e tamén acudiron a este Alcaldía. Primeiro se atopan en zona rural, carecen de licenza para vivenda, e nos casos que teñen licenza en algúns casos era para alpendre, polo tanto son ilegais. Todas as edificacións so consta que teñan licenza unha, esa é a información da que dispoñen, a zona de Vilanova hai unha sentenza do 2016 equiparan os solos urbanizables non consolidados ao solo rústico. Fala do que di que sinala a Lei do Solo 2/2016. Di que cos documentos legais é imposible que se podan realizar unha solución legal.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que era moito máis fácil dicirlle que non lle van poñer a auga. Di que eles traen ao pleno, se queren tratalo de populismo, el busca unha solución aos veciños, na estrada de Ourense é o mesmo, na estrada de Chantgada en todas as fincas que a APLU ten un aviso de derribo teñen auga, porque se pagan os veciños se pode facer e o Concello non. O resto dos alcaldes non a puxeron polo que fose, di que el está afeito a que lle voten en contra e que despois o fagan, sinala que hai casas supostamente, que están ilegais, será a APLU quén o diga. Nas parroquias todos os requisitos que se pedían ningunha casa a tiña, crendo nesto na parroquia de Guntin trouxoxe unha iniciativa para poñer a
Acta pleno ordinario 25.03.2024



SECRETARIA

auga, despois atopou nunha acta da Xunta de Goberno onde lle pagaron pola renovación da tubería de Guntín, despois dun ano ou dous saben que están inspeccionando para levar a auga á parroquia de Guntín. A veciñanza vaille ter en conta ao alcalde quén é o que pon a auga. :Se estas casas incurren na ilegalidade porque teñen farolas, porque lle recollen o lixo, aquí hai un problema ao que hai que buscarlle unha solución, e pode ser.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez haberá que buscarlle á forma a estas cousas como lle buscan a outras que fan. Si son ilegais ou non xa está a APLU, moitas casas das que están tirando tiñan auga e luz.

Intervén D^a Katherinie Varela di que todo este problema pola falta de plan de urbanístico. Di que a ela non lle queda claro se neste asunto en concreto se pode facer ou non, di que existgen moitas edificacións rústicas que teñen todos os servizos municipais. . Cantas casas que levan construídas 30 ou 40 anos, e que finalmente arquivouse o expediente, polo tanto quédalle a dúbida se realmente neste asunto se podería facer, entende que hai unha cuestión de vontade de intentar resolver as cousas. Se obviamente de casas aínda que despois da Lei do Solo do 2016, piden a licenza para un alpendre e logo fan un chalet, hai que ter un pouco de rigurosidade urbanística, e se hoxe están legalmente establecidas.

Intervén D. Ibán Torres claro que hai construción que teñen moito tempo, a Lei 2/2016 o que di é certo lle falta por coñecer o primeiro caso que non sexa o Concello de Monforte, é un abuso o que está facendo a APLU no Concello, vostede o sabe perfectamente. Dille a D. Emilio iso se quere poñerlla, non é así, el non é quén decide, estase nun estado de dereito e a lei é a que impera o que propón é ilegal. Pode contar as anécdotas que queira, non se pode cometer unha ilegalidade, vostede pretende que se faga unha obra que é ilegal. Quén lle diga isto á xente que se pode facer isto coa lei na man, eso eran outros tempos, hoxe hai que facelo en base ao que a lei permite, por iso van votar en contra.

Intervén D. Emilio José Sánchez se as casas están legais poñerían a auga? Maña presenta a documentación das casas que están legais. Ese é o problema? Entede a súa proposta, se vostedes recalcan que o problema que existe é a legalidade das casas, hai cinco ou seis casas que están legais, ao día seguinte se pon a auga, se ese é o problema e se deixan de populismo. Agradecen ao Partido Popular e a Esperta Monforte voten a favor desta iniciativa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindoq ue vostede non debeu escoitar ben ao señor Torres, di que hai un documento que forma do contrato de Aqualia, é conveniente que lea o DOG, para estar legais as vivendas se tiveran licenza e cumpren co que din as licenzas non terían problema. Tería que facer o acceso, o mesmo a recollida de lixo, o tema da corrente eléctrica esas son normas que esixen para dar a licenza en solo rústico, non veña manipulando D. Emilio, populismo é enganar cando gobernaron 12 anos e non o fixeron, e non descarta se hai un contrato non futuro que se poida facer, con este contrato non. Non é cuestión de non querer , pero as normas son as normas, xa dixeron antes que non van saltar as normas, que si nun futuro iso se pode facer o farán.

Sometido o asunto a votación resulta rexeitado por maioría con nove votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, e tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal do BNG e do Concelleiro de Esperta Monforte- Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal popular.

SECRETARIA

13º.- RENUNCIA COMO CONCELEIRO DE D. VICTOR MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Vista a proposta da Alcaldía de data 15.03.2024 que sinala:

“Examinado informe, desta data, do Sr. Secretario Xeral, do tenor literal seguinte:

“En relación co escrito presentado por D. Victor Manuel Rodríguez López concelleiro pertecente ao Grupo Municipal Popular, no Concello de Monforte de Lemos, procede informar:

- 1. Que don Victor Manuel Rodríguez López é Concelleiro do Concello de Monforte de Lemos segundo credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, estando actualmente no exercicio do cargo.*
- 2. Que mediante escrito de data 01.03.2024 presenta a súa renuncia ó cargo sendo, polo tanto, causa de perda da condición de Concelleiro de conformidade co art. 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, de 28 de novembro) en relación co art. 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*
- 3. A renuncia farase efectiva ante o Pleno da Corporación. Ao xuízo do que suscribe, o acordo do Pleno, so pode considerarse como un requisito de eficacia do acto de renuncia, non como un requisito para a validez, polo que o acordo que se adopte so ten o valor de tomar coñecemento da vontade do Concelleiro, declarando a vacante e, de conformidade coa Instrucción da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa que, a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante.*
- 4. A declaración de vacante remitirase á Xunta Electoral de Zona de acordo co disposto no punto 2 da Instrucción de 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central.*
- 5. A expedición da credencial do novo Concelleiro corresponde, polo tanto, á Xunta Electoral de Zona.*



É canto procede informar”.

En virtude do disposto no art. 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, PROPOÑO ao Pleno do Concello de Monforte de Lemos, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Quedar enterada á Corporación do escrito de renuncia presentada por don Victor Manuel Rodríguez López Concelleiro pertecente ao Grupo Municipal Popular, aceptando a mesma.

2º.- Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo do Concelleiro D. Víctor Manuel Rodríguez López, correspondendo cubrila, a xuízo desta Corporación, a don Emilio Iván Vázquez Rodríguez atendendo á orden de colocación, sendo o candidato que ocupaba o lugar seguinte a don Víctor Manuel Rodríguez López, na lista do Partido Popular, de acordo co que figura na acta da Xunta Electoral de Zona de Monforte de Lemos, comunicándollo á citada Xunta Electoral, para a provisión legal da vacante producida.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

14º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (01.03.2024, 20.02.2024 E 12.03.2024).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

15º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2023 DO CONCELLO E DO I.M. DE DROGODEPENDENCIAS.

Dáse conta do decreto 2024/00589 de aprobación do plan da liquidación do orzamento xeral do exercicio 2023 do Concello e do I.M. de Drogodependencias para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno do Sector Público Local.

16º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO PARA O PERIODO 2025-2027

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 5 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, dá conta da Resolución de data 14 de marzo do 2024 de aprobación do plan orzamentario a medio prazo para o período 2025-2027.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Acta pleno ordinario 25.03.2024

Pregunta de Esperta Monforte, saber si os 566.781,70 euros da partida de inversión de reposición en infraestruturas e bens, urbano vai ser destino a asfaltar e reasfaltar ou a ir cambiadno tubaxes de abastecemento de auga en mal estado.

Resposta o Sr. Alcalde sinala que a medida se vaian realizsando os proxectos xa diran a que obras se van destinar.

Pregunta de Esperta Monforte saber cantas horas de utilización do campo de fútbol despois do Convenio co Calasancio.

Resposta o Sr. Alclade dicindo que de momento non fixo falla utilizalas.

Rogo de Esperta retiraren as imaxes do video promocional da Feira Medieval do Castelo de Soutomaior.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o video promocional deste ano e a recopilación dende o ano 2015, no ano da saída da pandemia onde saindo do concello ía como emisaria a outros Concellos, nun dos fotogramas sae o Castelo de Soutomaior.

Rogo de Esperta Monforte arranxo da fuga de auga no Colexio Novo.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que segundo lle di o técnico non existe ningunha fuga, o normal sería que directora avisara ao concello.

Rogo do BNG que despois de queixas veciñais na rúa Juan Montes, sobre a situación das beirarrúas

Resposta o Sr. Alcalde que si hai un bache e se reparará.

Rogo do BNG aproveitando que se vai facer o arranxo do entorno do pavillón que se inclúan os desperfectos que viron afectados na zona da Pinguela.

Resposta o Sr. Alcalde di que se comprobará.

Pregunta do BNG teñe constancia non saben se é certo ou non cal é o motivo polo que este ano non se contou con ningún tipo de percusión para amenizar a feira medieval.

Resposta o Sr. Alcalde e que nunca houbo, e este ano o que pretendían era que as houbera, e a tamborrada que hai o días dos fachos é unha empresa.

Rogo do Partido Popular sobre a situación da estrada da zona de Piñeira.

Rogo do Partido Popular sobre contactos con outros centros de drogodependencias.



SECRETARIA

Pregunta sobre a licitación do quiosco que está pechado na Compañía.

Pregunta sobre a licitación da cafetería do Centro do Viño e da Praza.

Remata a sesión ás once horas e cincuenta e oito minutos do mesmo día. Do que eu Secretario, certifico.

Vº e Pce.

O ALCALDE